



Porto de Vilagarcía

Autoridade Portuaria de Vilagarcía

PREMIO I+D+i PORTO DE VILAGARCÍA

BASES DA CONVOCATORIA

1º.- ÁMBITO

A convocatoria está aberta a licenciados/as universitarios/as ou equivalentes, así como tamén a alumnos do último ano de calquera titulación impartida nas tres universidades galegas; principalmente Ciencias do Mar, Ciencias Políticas, Socioloxía, Dereito, Económicas, Empresariais, Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos, Enxeñaría Naval e Oceánica e Mariña Civil.

2º.- TEMÁTICA

Os traballos deben versar sobre calquera aspecto relacionado con I+D+i (investigación, desenvolvemento e innovación) nos sectores socioeconómicos e sistemas produtivos da Ría de Arousa.

Pode concorrer e aspirar a este premio calquera tese, tesina ou traballo de investigación sobre ditas materias no ámbito universitario, e que non fosen publicados.

3º.-DOTACIÓN

O premio ten unha dotación económica de 4.000 euros e poderá declararse deserto ou tamén repartirse con mencións honoríficas, en caso de consideralo oportuno o xurado cualificador.

4º.-DOCUMENTACIÓN

Cada participante terá que presentar un total de cinco copias en papel do traballo realizado, co seu correspondente soporte informático.

Os traballos presentaranse ante o rexistro xeral da Autoridade Portuaria de Vilagarcía (Peirao de Pasaxeiros nº 1), indicando no sobre “II Premio I+D+i Porto de Vilagarcía”.

Tamén cada participante acompañará en sobre cerrado cun lema exterior unha copia da súa titulación ou expediente académico, sinalando os datos persoais, NIF, dirección e teléfono de contacto.

5º.-PRAZO

O prazo de presentación dos traballos participantes finalizará ás 14 horas do día 30 de novembro do ano 2008.





Porto de Vilagarcía



Autoridade Portuaria de Vilagarcía

6º.- XURADO

O xurado cualificador estará presidido polo presidente da Autoridade Portuaria e integrado polo Director e o Xefe de Recursos Humanos. Actuará como secretaria, con voz pero sen voto, a secretaria do consello de administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía.

O Tribunal poderá solicitar, se así o estima, a colaboración de profesores/as universitarios/as de recoñecido prestixio no ámbito dos traballos presentados.

7º.- FALLO

A decisión do xurado cualificador darase a coñecer no mes de decembro de 2008.

A entrega do premio levarase a cabo inmediatamente despois, nun acto que terá lugar na Autoridade Portuaria, cuxa data anunciarase oportunamente.

8º.- NORMATIVA

A participación nesta convocatoria presupón a aceptación expresa destas bases, en todos os puntos.

Vilagarcía de Arousa, 12 de setembro de 2008.

O PRESIDENTE

Javier Gago López

